


**Informe
actuacións
SGHN
2020**




**Sociedade Galega de Historia Natural
(SGHN)**



Entidade Científica sen ánimo de lucro fundada en 1973. Inscrita no Rexistro Nacional de Asociacións co nº 584.918. Inscrita no Rexistro de Entidades de Carácter Ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia co nº 2009/0110. Nº AO/C-000/382 do Rexistro de Asociacións Culturais Galegas. Membro do Consello Galego de Medio Ambiente.

Os cargos directivos da SGHN son estatutariamente non remunerados.



O presente informe é a compilación de actuacións da SGHN durante o ano 2020, distribuídas segundo a súa organización en Seccións, Delegacións e Museo.

Os recursos financeiros foron de 64.864,77 EUR de ingresos e 65.249,97 EUR de gastos. SGHN mantivo aberto, cando a pandemia o permitiu, o museo de Historia Natural en Ferrol, con dous empregados a tempo completo, fai custodia do territorio na antiga lagoa de Antela (Ourense) chegando en 2020 a 59,98 ha, formamos parte de Fragas do Mandeo, entidade de custodia do territorio integrada por Rabo de Galo, G.N. Hábitat e SGHN no Mandeo (A Coruña), así como desenvolve unha intensa actividade concienciativa e de recuperación nas Gándaras de Budiño (Pontevedra). Participa en varias mesas sectoriais e forma parte do Consello Galego de Medio Ambiente.

Mantén a publicación dixital e impresa das revistas BRAÑA e PASPALLÁS. Diversas fichas divulgativas, de libre e gratuíto acceso sobre fauna e flora están disponibles na web da entidade.

Organizou as IV Xornadas Galegas de Patrimonio Natural e Biodiversidade, desenvolvida en novembro de 2020 en Pontevedra.

Toda esta labor é posible gracias ó traballo voluntario e gratuíto de directivos e socios, equivalendo a un mínimo de dedicación exclusiva de case dua persoas a xornada completa durante todo o ano, e non se contabilizaron moitos datos e esforzos que triplicarían esta cifra. Moitas gracias a todos aqueles que contribuídes a que este proxecto siga adiante, socios que aportan a súa cota, colaboradores diversos censando aves, limpando o lixo nos espazos naturias, analizando e escribindo escritos, gracias.

XUNTA DIRECTIVA XERAL

ACTIVIDADES PÚBLICAS (9)

1. Seminario técnico sobre humidaís Life Fluvial (30-01-2020).
2. Visita ás zonas de actuación de SGHN-Antela con alumnos da Universidade de Vigo-Campus de Ourense (05-02-2020).
3. Gandería industrial na Limia: conferencia na Facultade de Ciencias de Ourense (07-02-2020), video-conferencia con Greenpeace (10-06-2020), rolda de prensa de Greenpeace (18-11-2020) e conferencia telemática de Ecoloxistas en Acción (15-12-2020).
4. Faladoiro telemático sobre a media veda da rula (17-04-2020).
5. Restauración dun meandro do río Faramontaos: videoconferencia CHMS (28-10-2020).
6. Xornada telemática "Xurés Vivo" sobre os lunes no parque natural (28-11-2020).

ASISTENCIAS A ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN (6)

1. Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento: 1 xuntanza telemática (06-10-2020).
2. Observatorio Galego da Biodiversidade: 1 xuntanza telemática (08-10-2020).
3. Plan Estratéxico da Limia: 2 xuntanzas telemáticas (20-11-2020 e 10-12-2020).
4. Plan Hidrolóxico Demarcación Miño-Sil 2021-27: 2 videoconferencias CHMS sobre "temas importantes" a considerar (15-06-2020 e 15-09-2020).



Canteirra abandonada con entullo

ESCRITOS PRESENTADOS (376)

1. Agricultura-Gandería-Silvicultura (261 escritos).
 - a. Alegacións a 16 peticións de cambio de uso de forestal a agrícola (3 A Coruña, 4 Lugo, 3 Ourense, 6 Pontevedra).
 - b. Alegacións a 228 granxas novas ou ampliacións (91 A Coruña, 99 Lugo, 38 Ourense).
 - c. Alegacións a 7 forestacións (6 Ourense, 1 xeral Galicia).
 - d. Alegacións a 7 proxectos de reestruturación parcelaria (2 A Coruña, 5 Lugo).
 - e. Alegacións/denuncia captación auga en Ourense (2).
 - f. 1 Denuncia residuos gandería industrial (1 Ourense).
2. Arborado (1 escrito): Queixa/denuncia por talla de arborado en Ourense (1).
3. Auga (1 escritos)
 - a. Pregunta caudais ecolóxicos río Limia (1): Confederación Hidrográfica do Miño Sil (1).
4. Biodiversidade (13 escritos)
 - a. Caza (1): media veda rula (1).
 - b. Centros de recuperación de fauna (1): necesidade de personal de guardia (1).
 - c. Especies ameazadas (4): alegación ampliación AC-566 Valdoviño-Cedeira (2), refuxios fauna A Limia protección especies ameazadas (2).
 - d. Outras especies (7): niños anduriñas (1), niños cegoña (4), cirrios pálidos (2).
5. Ciencia cidadá e confinamento (10).
6. Enerxía (62 escritos)
 - a. Alegacións a 47 parques eólicos (18 A Coruña, 9 Lugo, 4 Ourense, 17 Pontevedra).
 - b. Alegacións a 15 Liñas de Alta Tensión (10 A Coruña, 2 Lugo, 3 Pontevedra).
7. Espazos naturais (21 escritos)

- a. Humidais (4): proposta de restauración de humidais galegos degradados (4).
- b. P.N. Illas Atlánticas (2): prolongación tempada alta (1), privatización concesións Ons (1).
- c. P.N. de Corrubedo (3): alteracións urbanísticas (3).
- d. Xeoparque do Courel (3): solicitude avaliación ambiental plan promoción turística.
- e. ZEC Costa Ártabra: ver biodiversidade ampliación AC-566 Valdoviño-Cedeira (2).
- f. ZEC Costa de Dexo (1): denuncia SGO-GNH-Adega-SGHN por concerto.
- g. ZEC Macizo Central (1): Ruta Romasanta de 4x4.
- h. ZEPA de A Limia (5): Denuncia voos avioneta a baixa cota (3), talla arborado (1), restauración torre de Sandias (1), ver biodiversidade (2*).
- i. ZEPA Ría de Ribadeo (1): alegacións dragado porto Ribadeo.
- j. ZEPA Umia-Grove (1): pregunta recheo charca en Arnosa.
- 8. Minería (5 escritos)
 - a. Alegacións a 4 canteiras (2 A Coruña, 1 Lugo, 1 Pontevedra) e 1 areeira (Ourense).
- 9. Residuos (2 escritos)
 - a. Balsa lodos vermellos Alcoa (1).
 - b. Planta balastro FFCC Toén-Ou (1).

ENTREVISTAS MEDIOS DE COMUNICACIÓN (31)

- 1. Radio (13):
 - a. Cadena SER-Galicia (3): víboras e cobras en Lugo (22-06-2020), río Eume, desaugue encoro e PRUX parque (14 e 19-10-2020).
 - b. Onda Cero (2): incendios no P.N. Xurés (15-09-2020), proxecto Libera na Veiga de Gomareite (19-11-2020).
 - c. Radio Galega (3): mina tantalio Penouta (21-01-2020), día internacional das serpes (Convivir: 23-06-2020), especies invasoras (O miolo: 22-07-2020).
 - d. Radio Voz (5): contaminación nitratos A Limia (10-01-2020), declive pardais (26-02-2020), aeronaves e Rede Natura (11-06-2020), presidente SGHN (07-07-2020), regadío A Limia (17-07-2020).
- 2. Roldas de prensa (1): rolda de prensa de Greenpeace sobre gandería industrial na Limia (18-11-2020).
- 3. Televisión (9):
 - a. TVG (3): fauna e confinamento (La revista, 26-05-2020), Día Mundial do Medio Ambiente (Bós días, 05-06-2020), COVID e ambiente (La revista, 01-08-2020).
 - b. Nós TV (6): campionatos caza raposo (14-01-2020), aves e saúde ecosistemas (03-02-2020), Xunqueira de Alba (06-02-2020), balsa de lodos vermellos de Alcoa (09-06-2020), vertedoiro de Miramontes (10-06-2020), turismo e medio ambiente (11-06-2020).
- 4. Xornais (8):
 - a. Galicia Confidencial (1): matogueiras (24-09-2020).
 - b. GCiencia (1): incendios (14-09-2020).
 - c. La Región (2): oso no macizo central ourensán (05-05-2020), pegada ecolóxica (21-08-2020).
 - d. La Voz (1): arroteamentos viñedo Pantón (16-01-2020).
 - e. Nós Diario (1): biodiversidade e especies ameazadas (24-01-2020).
 - f. Serms Galiza (1): incendios (11-08-2020).
 - g. Secretos de Pantón (1): arroteamentos en S. Romao de Moreda (18-08-2020).

OUTROS

Mantenimiento continuo páxina Web, facebook, instagram e twitter.

Publicación Revista BRAÑA en formato electrónico nº 18

DELEGACIÓN DAS MARIÑAS

Informe de Situación

Este ano o máis destacable foi (como é evidente) a pandemia da COVID-19 que impediu realizar moitas das actividades previstas debido a varias causas. Por unha banda os períodos de confinamento impedindo calquera actividades de traballo con persoas, as limitacións no número de persoas nos rebrotes que se produciron e por último a afectación ao pouco número de anotados en algunha actividade que non fixo posible a súa celebración. Neste caso estivemos cando non puidemos realizar unha xornada de divulgación da intermareal da ría de Sada o 1 de agosto de 2020, por falta de inscrición. Tamén preparamos unha saída á fraga dos Casás para o 18 de outubro de 2020 e debido ao aumento das limitacións do número de persoas foi inviable a a súa realización a pesar da alta anotación inicial.

DIVULGACIÓN:

- Charlas: 1 sesión da charla sobre as pradeiras de *Zostera* en Galicia, celebrada en Sada con saída de campo á zona intermareal da praia de Sada.

Esta charla emitíuse en directo a través da nosa canle de Youtube pero por problemas técnicos só saíu o son e non o vídeo.

En total nas xornadas de divulgación participaron 25 persoas.

OUTROS:

- Asistencia ás reunións da Xunta Directiva da Asociación de Desenvolvemento Rural As Mariñas-Betanzos como representante da Mesa Sectorial de Ambiente e e Mozos. As reunións foron suspendidas pola pandemia e logo retomáronse de xeito telemático. Acudiu o novo representante Carlos Rodríguez Silvar (3 reunións).

- Participación nas Xuntas Directivas Xerais da SGHN, que se realizaron telematicamente.

- Asistencia á asemblea anual (telemática) do Grupo de Acción Costeira Grupo Sur do Golfo Ártabro.

- Participación de xeito presencial na Asemblea Xeral Ordinaria da SGHN celebrada en Santiago de Compostela, no local social da entidade (4 de xullo de 2020).

- Reunión con dous técnicos de xardinería para estudar a posibilidade de que a SGHN apoie a reclamación de anulación do proxecto de remodelación do xardín histórico de San Carlos en Coruña.(decembro de 2020)

- Reunión telemática co concello de Sada e outras organizacións sociais para ver de realizar a distribución de espazos nas escolas de Carnoedo en Sada (22-10-2020).

- Participación na actividade organizada pola asociación Drosera " Achégate aos morcegos!" en Sada o 30 de outubro de 2020.

- Colocación de gravadores de ultrasóns nas Brañas de Sada en colaboración con grupo Drosera para identificar especies presentes de morcegos. Outubro e novembro de 2020.

- Escrito ante o GDR As Mariñas-Betanzos, para actualizar os datos como socio desa entidade da nosa delegación.

- Escrito ante a Oficina Municipal de Mozos e Xuventude (OMIX) do concello de Sada para actualizar os datos da nosa delegación na súa base de datos.

- Escrito ante o GDR As Mariñas-Betanzos, presentándose como representante da Mesa de Ambiente e Mozos (08-06-20).

- Realización do resumo dos datos das mostraxes de Carnívoros medianos dos anos anteriores dende a sinatura do convenio de colaboración co grupo GEAS.

- Realización do censo de aves invernantes da ría do Burgo, ría de Ares-Betanzos e encoro de Cecebre no mes de xaneiro.

- Participación nas actividades organizadas e de voluntariado da Fundación Fragas do Mandeo dedicada á custodia do territorio, que foron moi limitadas este ano debido á pandemia do COVID-19.

- Celebración da Asemblea Xeral Ordinaria da Delegación (07-03-2020).

- Integración no Facebook da SGHN incorporando anuncios e contidos da delegación.

DELEGACIÓN DE FERROL

- Censos de aves invernantes (xaneiro 2020). De Ría de Ferrol a Foz.
 - Contacto coa Técnica de Cultura do Campus de Esteiro da UDC, para proxecto de actividade (14-01-2020)
 - Asistencia á plantación de árbores nas Cabazas, na zona da Pedreira con motivo de Equiocio (22-01-2020)
 - Xuntanza con responsable de Nachiños Festival para Equiocio 2020 (05-02-2020)
 - Xuntanza con Carolina Lorenzo Goiriz (Museo do Surf de Valdoviño): Solicitan deseño dun Tríptico da Píllara das Dunas (06/02/2020)
 - Coordinación mostra de pintura Amazonia (13-02-2020). Preparado un cartel en roller. Finalmente suspendida a exposición pola pandemia.
 - Xuntanza no Concello de Cabanas co Concelleiro de MA de Cabanas, Técnico de turismo e outros representantes do concello para enfiar proxecto de divulgación a carón do rego de Laraxe (21-02-2020).
 - Redacción dun proxecto de actividade a demanda da Concellería de Benestar Social (Escola de Envellecemento Activo) do Concello de Ferrol (23-02-2020).
 - Elaboración de trípticos sobre as píllaras de Valdoviño (marzo-abril 2020).
 - Asistencia á conferencia de Equiocio vía Zoom sobre a edición 2020. (21-05-2020).
 - Coordinación do proxecto de actividade en Equiocio (maio-xuño 2020)
 - Coordinación do proxecto de actividade (deseño dunha ruta interpretativa) co Concello de Cabanas (maio-xuño 2020).
 - Deseño dunha ruta interpretativa polo río Dana no Concello de Cabanas, xunto co Técnico de Turismo do Concello de Cabanas (valores naturais e patrimoniais).
 - Xuntanza cun Axente de MA sobre a parcela e observatorio da lagoa de Doniños no terreo doa da familia de Ángeles Alvariño (12-06-2020)
 - Preparación dun informe para a Xunta de Galicia, baixo demanda desta, sobre observatorio e parcela en Doniños no terreo doado por Ángeles Alvariño (xuño 2020)
 - Xestións para colaboración en actividade de Escola Infantil A Galiña Azul (22-06-2020)
 - Recuperación de imaxes históricas da SGHN (22-06-2020)
 - Mesa redonda de presentación das saídas de Equiocio 2020 no Centro Torrente Ballester coa participación do Delegado de Ferrol e os organizadores de Equiocio e o Concello de Ferrol (Presentación da saída guiada pola SGHN na programación de Equiocio 2020. As Cabazas). (06-07-2020).
 - Asistencia á Ruta do Ouro dentro de Equiocio 2020 en representación da SGHN (18-07-2020)
 - Xuntanzas cun socio documentalista para estudar posibilidades de documentación de fondos (xullo 2020)
 - Montaxe da exposición itinerante da SGHN nas Cabazas con motivo de Equiocio 2020 (05-08-2020)
 - Asistencia á Inauguración de Equiocio Mar e Terra 2020 no campo das Cabazas-Covas (07-08-2020)
 - Desmontaxe da exposición itinerante da SGHN nas Cabazas con motivo de Equiocio 2020 (10-08-2020)
 - Reunión con representante da asociación Buxainas, que quería consultar as posibilidades de uso do parque de O Montón (17-08-2020)
 - Reunión coa técnica de Educación do Concello de Ferrol para coordinar as saídas da actividade A Biblioteca sae ao Medio (07-09-2020)
 - Colocación detector AudioMoth no xardín para monitorización de morcegos (19-09-2020)
 - Contacto coa Delegación de As Mariñas pola posible actividade conxunta polo Día das Aves entre Ferrol-As Mariñas-GNH (21-09-2020)
 - Asistencia á Xornada telemática do CEIDA sobre Reservas da Biosfera (04-11-2020)
 - Percorrido e revisión da ruta das Cabazas, a balizar por Equiocio co asesoramento da SGHN (19-12-2020)
 - Asistencia en Exponav á presentación da revista Ferrol Análisis do Club de Prensa, que dedica un apartado a museos, incluíndo un artigo de Silvar sobre o Museo de Historia Natural de Ferrol (26-12-2020)
 - Participación en 11 observacións RAM en Cabo Prior (1º sábado de mes), cunha asistencia media de 3 observadores.
 - Xestións para solicitar a subvención de 2020 para Investimentos e para Actividades da Deputación da Coruña. Xustificación da subvencións de 2019.
- Entidade Científica sen ánimo de lucro

SAÍDAS (4)

- Saída "Campo das Cabazas" (1) en colaboración con Equiocio 2020. 20 participantes (08-08-2020)
- Saídas ao medio natural dentro do convenio "A Biblioteca sae ao medio" entre a Concellería de Educación do Concello de Ferrol e a Delegación de Ferrol da SGHN (3):
- Saída Doniños nocturno. 20 participantes (19-09-2020)
- Saída Doniños diúrno. 20 participantes (26-09-2020)
- Saída Xardíns históricos do concello de Ferrol. 20 participantes (03-10-2020)

BIBLIOTECA

- Labores de orde e catalogación da Biblioteca da Natureza co apoio puntual dunha voluntaria profesional (dende 11/01/2020 ata 30/12/2020).
- Contacto e xestións con persoal dunha biblioteca municipal de Coruña para información sobre conservación de fondos bibliográficos (15-16/01/2020).
- Traballos de catalogación e almacenamento do fondo bibliográfico no arquivo do soto (dende 11/01/2020 ata 12/01/2021).
- Traballos da adecuación e libranza da aula 12 da morea de libros e documentos (dende 11/01/2020 ata 12/01/2021).
- Doazón de libros "Compendio de la Historia Natural" de Buffon por parte dun particular (10-01-2020)
- Preparación en corentena dos libros "Historia Natural" de Buffon (14-01-2020)
- Xestións e acta de doazón bibliográfica por parte dunha particular, para fondo infantil e xuvenil da biblioteca (16-01-2020)
- Doazón de dous libros por parte do autor, Valentín Carrera (24-01-2020)
- Doazón de lote de libros técnicos de botánica por parte dun socio (20-08-2020)
- Consulta á Rede de bibliotecas especializadas, sobre o estado no que se atopa a biblioteca da SGHN (30-09-2020)
- Solicitud ao INE do formulario relativo á Biblioteca do ano 2019 (01-10-2020)
- Asíñase coa Concellería de Educación do Concello de Ferrol o convenio de Biblioteca "A Biblioteca sae ao medio" 2020, polo que se adquiren novos libros para a Biblioteca. (05-11-2020)
- Atención de consultas bibliográficas

DEFENSA DO MEDIO AMBIENTE

- Reunión no local da SGHN con veciño das Somozas que informa de problemas medioambientais en As Somozas (03-01-2020)
- Solicitud por parte do Museo do Surf de Valdoviño dun tríptico sobre a Píllara das Dunas (06-02-2020)
- Consulta ao Alcalde de Valdoviño, sobre festival de rock con motos na praia (30-06-2020)
- Participación de voluntarios no Grupo Píllara despois do confinamento.
- Contacto coa representante de Ecologistas en acción polos Comité de Caza, previa solicitude de contacto por parte da representante de Ecologistas en acción (15-09-2020)
- Trámites coa DXCN para a retirada dun cadáver de raposo con sarna nun terreo dun particular en Covas.
- Xestións ao respecto das incidencias coas candorcas (16/09/2020)
- Mantivéronse contactos sobre a representación dos comités de caza, trasladados á XDX (15-09-2020)

CONSULTAS

- Consulta dunha particular, mediante a súa asesoría, instando á eliminación dun niño de morcegos no barrio de Esteiro (26-07-2020)
- Atención a consulta de actividades SGHN-Ferrol (24-07-2020)
- Xestións coa XDX sobre consulta de particular, ao respecto de impacto ambiental de eólico no cordal de Ousá e que afecta a finca da súa propiedade (setembro 2020)

MEDIOS DE COMUNICACIÓN

RADIO:

- COPE (1): A situación da píllara das dunas *Charadrius alexandrinus* e a reapertura do Museo da SGHN (01-06-2020)
- Cadena SER (2):
- A situación da píllara das dunas *Charadrius alexandrinus* (01-06-2020)
- Actividade "A Biblioteca sae ao medio" (15-09-2020)
- Radio Galega (1): Intervención en programa de radio sobre a participación en Equicio (06-08-2020)

XORNAIS:

- Diario de Ferrol (1): Evolución dos niños da píllara das dunas *Charadrius alexandrinus* nas praias de Ferrol durante o confinamento e presenza do corvo sudafricano *Corvus albus* (16-05-2020).
- La Voz de Galicia (2):
- Saídas ao medio natural, actividade "A Biblioteca sae ao medio" (13-09-2020)
- Sinatura do convenio da Biblioteca entre a SGHN e o Concello de Ferrol pola actividade "A Biblioteca sae ao medio" (14-11-2020)

MEDIOS DIXITAIS:

- Ferrol 360 (1): Saídas ao medio natural, actividade "A Biblioteca sae ao medio" (13-09-2020).
- Enfoques.gal (1): Saídas ao medio natural, actividade "A Biblioteca sae ao medio" (14-09-2020).
- COPE Ferrol (1): Saídas ao medio natural, actividade "A Biblioteca sae ao medio" (14-09-2020).
- Concello de Ferrol: publica noticia sobre o papel da SGHN no plan para a protección da nidificación da píllara das dunas *Charadrius alexandrinus* na praia de San Xurxo (18-11-2020)
- Concello de Cabanas anuncia actividade da SGHN Ferrol no Concello de Cabanas: Cabanas prepara unha ruta interpretativa do río Dana (05-06-2020)

DELEGACIÓN DE OURENSE

Informe de Situación

Destaca novamente en 2020 a participación activa de varios socios en distintos proxectos, e tamén outra vez a interacción con outras asociacións ambientalistas e non ambientalistas (Asoc. Estudos Sta. Mariña Augas Santas, Ateneo de Ourense, Museo Arqueolóxico de Ourense, Centro de Estudos da Limia, Asociación Sustinea, Sociedade Española de Ornitoloxía e Sociedade Galega de Ornitoloxía, Universidade de Vigo). Así mesmo o traballo conxunto coa Sección de Ornitoloxía, e, sobre todo, a colaboración constante coa Sección Antela.

O interese de socios e amigos por desenvolver actividades, propiciou o incremento das mesmas, ao tempo que as horas investidas, o intercambio de correos electrónicos ou os quilómetros de desprazamentos, pero tamén a presenza máis constante da SGHN-Ourense nos medios de comunicación, nas redes sociais e chegando a moitas máis persoas.

Influiu notablemente no desenvolvemento das actuacións de SGHN-Ourense durante este ano 2020 a COVID-19 e todas as limitacións impostas pola súa causa.

Con todo, poderíamos nomear as seguintes actividades:

- O censo de aves acuáticas invernantes na provincia de Ourense, coa participación de 29 persoas censando 21 lugares, engadindo un novo, o río Támega, grazas ao interese dun consocio.
- O censo de Cegoña branca nidificante na provincia de Ourense (que tamén coordinamos desde Ourense para toda Galicia có significativo esforzo da socia Nancy Blanco), censo no que participaron unha boa cantidade de voluntarios tanto socios como amigos da SGHN.
- O censo de Cegoña branca invernante en Ourense (e coordinación do mesmo en toda Galicia, por convocatoria da SEO e a participación delegada en Galicia da SGO), de novo o traballo da socia Nancy Blanco xunto có Delegado de SGHN-Ourense, e o traballo dos voluntarios completou un bó censo e rápida comunicación dos resultados.
- O proxecto #SonÁrbore coorganizado có Ateneo de Ourense e a Asociación Sustinea baixo a coordinación da socio Claudía de Sas e a participación dun magnífico equipo de traballo. Neste proxecto destacaríamos a realización de dous roteiros pola cidade de Ourense e dúas actividades con rapaces. Así mesmo celebráronse dúas conferencias telemáticas. E seguíuse preparando a exposición física aínda que retrasandoa para mellor momento.
- Como remate do Curso de Iniciación á Ornitoloxía, organizado e impartido por socios de SGHN-Ourense, xirouse a visita á Enseada do Grove baixo a guía dos nosos consocios Álvaro R. Pomares e Lidia Romero. Destacar que moitos dos cursillistas participaron xa nos censos de aves acuáticas invernantes e nos censos de cegoña branca.
- Desde practicamente o momento en que comezaron as restricións de mobilidade pola COVID-19, iniciamos o que demos en chamar “Concurso de Aves Urbanas” coa participación de varios socios da delegación e as persoas do curso de iniciación á ornitoloxía que quixeron; tratouse nun principio da identificación de aves mediante fotos, seguindo despois con sons, crucigramas, música, murais, cadros, etc, e que continuou nunha segunda fase coa participación de máis socios doutras delegacións, de tal xeito que iniciado na última semana de marzo, rematámolo na primeira de agosto ... e aínda quedaron ideas por desenvolver.
- A pesar das dificultades, aínda puidemos facer algunhas saídas como a celebración do día das zonas húmidas o primeiro de febreiro coorganizado coa Sección Antela, e xa con límite de participantes, saímos de novo “Na procura do Abellaruco” na súa décima edición, primeiro para os participantes no curso de ornitoloxía e unha semana despois aberto ao público en xeral, nas dúas ocasións con éxito total, por último, celebramos o Día das Aves pola Limia con boas observacións a primeiros de outubro.
- E tamén puidemos celebrar unha conferencia presencial sobre o pardao no mes de xuño despois de ter que anulala na data inicial de mediados de marzo; e previamente en febreiro “De Yosemite ás Sequoias” sobre aves e natureza polos Estados Unidos de América.
- Cómpre destacar outra actividade con futuro: a instalación de caixas niño no arboredo do campus de Ourense, da que se vai facer seguemento no tempo.

Como final, sinalar a intervención nos medios de comunicación no canto dos censos de cegoñas principalmente, e tamén con ocasión da instalación das caixas-niño.

Seguíuse participando no facebook da SGHN con diversas entradas e tamén no Instagram con varios envíos para publicar.

Como todos os anos, continuouse a revisión diaria dos boletíns oficiais e medios de comunicación e envío ao resto de Delegacións e Seccións, así como a colaboración na páxina electrónica de SGHN e a participación nos temas propostos pola Xunta Directiva Xeral de SGHN.

ESPACIOS

A Limia resultou o espacio máis atendido pola nosa Delegación colaborando nos traballos da Sección Antela, xirando visitas de investigación e seguemento do aniñamento da conícora (*Vanellus vanellus*), presentando alegacións a novas granxas ou ampliación de outras, denuncias varias sobre contaminación, e solicitando a declaración da Limia como augas afectadas por nitratos; denunciáronse os contínuos voos a baixa altura de avionetas na ZEPA da Limia (están prohibidos) e destacamos as axudas na terceira fase de subvención para a retirada de entullos e pedras na

veiga de Gomareite e participar na organización das actuacións relacionadas coa retirada de lixo no proxecto Libera de SEO-Ecoembes.

Con relación a outros espazos, a maiores dun seguemento xeral, solicitouse ao Concello de Carballeda de Valdeorras a rectificación da zona de baño e natación no encoro de Santiago para non afectar á colonia de cría de Ardea cinerea, que semella vai ser atendido; presentáronse alegacións a varios proxectos e reforestacións e preguntouse pola celebración dunha ruta con todoterreos pola ZEC Macizo Central.

FLORA

En canto ao arboredo, denunciáronse as cortas de carballo en Trandeiras e alegouse contra a talla de amieiros e outras árbores nas beiras do río Arnoia. Seguimos adiante có Grupo de Arboredo Urbano, aínda sen poder poñer en marcha os proxectos iniciados. Destacamos aquí o proxecto #SonÁrbore de exaltación dos valores do arboredo urbano para o medio ambiente da cidade, con diversas actividades como roteiros e xincanas con rapaces.

FAUNA

Durante o mes de xaneiro realizáronse os censos de acuáticas invernantes en vinte e unha localidades coa participación de 29 persoas, incluíndo varias das que seguiron o curso de ornitoxía. Tamén no censo de cegoña branca aniñante, coa participación de outras 35 persoas e o censo de cegoña branca invernante con 20 participantes. Plantexouse e está en vías de levarse a cabo, a substitución da plataforma do niño de cegoña branca de Allariz, grazas ao traballo de socios da zona e a coordinación dos censos de cegoña.. Fíxose, como cada ano, un seguemento xeral da caza e da pesca na provincia. Constatouse e seguíuse a colonia de aniñamento de Ardea cinerea en Valdeorras e a crianza de Vanellus vanellus en A Limia. Incluir tamén neste apartado a continuación do curso de ornitoxía con dous concursos telemáticos sobre aves urbanas e aves en xeral.

FORESTAL. INCENDIOS E MONTES

De novo fíxose durante 2020 un seguemento continuado dos incendios forestais, colaborouse preparando as bases das notas de prensa e escritos presentados desde a XDX de SGHN. Neste ano seguimos coas alegacións a obras de repoboación forestal, e de cambios de uso de varias parcelas para paso de forestal a agrícola.

OUTROS TEMAS

Seguemento de outros temas como, enerxía, ríos, demografía, política, urbanismo, estradas e ferrocarril, agricultura e gandeiría, cambio climático, contaminación incluso lumínica, minería, etc.

En canto a contaminación denunciouse a queima de lixo no punto limpo do concello de Nogueira de Ramuín e vertidos ao río Támega con mortandade de peixes. Fíxéronse alegacións e respondeuse a diversas consultas de explotacións industriais gandeiras ao longo da provincia. Finalmente denunciouse o acúmulo de gallinaza preto de Vilariño Frío e un vertedoiro de diversos materiais (restos electrónicos, plásticos, colchón, nevera, ...) na beira do regato do Marco no límite entre Ourense e Pontevedra, concellos de Melón e A Cañiza.

TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN, XEIRAS NATURALISTAS E EXCURSIÓNS

Seguemento do aniñamento de Vanellus vanellus en A Limia

Seguemento do aniñamento de Ardea cinerea en Valdeorras.

Censo de acuáticas invernantes da provincia de Ourense.

Censo de Cegoña branca nidificante.

Censo de Cegoña branca invernante.

Seguemento de flora de interese na Limia.

Comemoración do Día das Zonas Húmidas pola Limia.

Na Procura do Abellaruco por terras da Gudiña e Viana do Bolo para ornitólogos.

Na Procura do Abellaruco por terras da Gudiña e Viana do Bolo.

Día das Aves pola Limia.

Saída extraordinaria do curso de iniciación á ornitoxía pola enesada do Grove.

CONFERENCIAS, CHARLAS E OUTRAS ACTIVIDADES

Visita á exposición: "Leonardo Músico" có Ateneo de Ourense

Visita guiada á exposición sobre o Castro de Santomé có Museo Arqueolóxico de Ourense

Conferencia: "Falando do Ourense Medieval" por Víctor Pérez, coa Asociación de Estudos de Santa Mariña de Augas Santas

Conferencia: "De Yosemite ás Sequoias" por Antonio Ferreirós e Laura Iglesias

Conferencia: "O pardal, un veciño en apuros" por Laura Iglesias e Antonio Ferreirós

Conferencia telemática: "Cada árbore no seu lugar" con Mariano Sánchez dentro do proxecto #SonÁrbore.

Conferencia telemática: "Do bosque á árbore" con Ángel Araujo dentro do proxecto #SonÁrbore

Instalación de caixas-niño no arboredo do campus de Ourense, coa Universidade de Vigo

Roteiro polo arboredo urbano do campus de Ourense dentro do proxecto #SonÁrbore

Roteiro polo arboredo urbano do Posío, Burgas e Barbaña dentro do proxecto #SonÁrbore

Xincana nº 1 con nenos no parque "Botánico de Ourense" dentro do proxecto #SonÁrbore

Xincana nº 2 con nenos no parque "Botánico de Ourense" dentro do proxecto #SonÁrbore

Coa Sección Antela: traballos de recuperación na veiga de Gomareite, recollida de lixo na veiga de Gomareite, traballos de desbroce e adecuación de distintas parcelas alugadas ao Banco de Terras de Galicia.

DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA

Informe de Situación

En 2020 mantívose a liña de actuación de anos anteriores, pero moi influenciada polas restricións sanitarias debido a pandemia COVID19. Se realizaron actividades de participación en estudos, organización actividades de voluntariado, atención a socios, escritos de alegación e denuncia, e celebración mediante medios telemáticos das “Xornadas Galegas de Patrimonio Natural e Biodiversidade”, cun notable éxito de participación.



As actividades se poden distribuir en catro grandes temas, que coinciden cos obxetivos fundacionais da SGHN:

A. ESTUDO

Diversos socios da SGHN-Pontevedra continúan co traballo e apoio ós proxectos da SGHN. Os proxectos científicos son a base de moito do traballo realizado pola SGHN dende o seu comezo. Os socios colaboran de forma voluntaria e altruista nos Atlas de biodiversidade (Hérpetos, Entomoloxía, Flora exótica invasora) e nos Censos de aves acuáticas invernantes porque son chaves para obter información biolóxica básica da flora e fauna galegas e porque constitúen series históricas temporais de datos de moito valor científico.

A Sección de Ornitoloxía, continuou o censo de aves acuáticas invernantes de 2020 que a pesar da pandemia COVID19 se realizou completamente. Realizados en sete xornadas de censo. Cubriuse a provincia de Pontevedra e a Ría de Arousa en ámbalas dúas marxes, incluíndo encoros interiores. Dividiuse a provincia en varias zonas: Baixo Miño, Gándaras de Budiño, Ría de Vigo, San Simón, Ría de Pontevedra, Complexo Intermareal Umia- O Grove, Ría de Arousa e Encoro de Baxe. Os socios que queiran colaborar poden dirixirse a ornitologia@sghn.org

B. CONSERVACIÓN

Proxecto de restauración ecolóxica na ZEC Gándaras de Budiño e Ribeiras do Louro: Dende 2014, a Delegación de Pontevedra da SGHN coordina un programa de actividades medioambientais nas Ribeiras do río Louro, centrado no espazo natural ZEC Gándaras de Budiño denominado “Proxecto Valoratura”. As actividades son gratuítas e abertas a calquera persoa interesada, e inclúen xornadas de voluntariado medioambiental no espazo natural. O obxectivo é divulgar e poñer en valor os valores naturais e etnográficos do espazo natural e aportar datos para o coñecemento da biodiversidade e o estado ambiental. Para participar nas actividades de restauración se pode contactar co email gandaras@sghn.org

En 2020 se continuou o proxecto “ValoraNatura” con redución de actividades debido ás restricións da pandemia COVID19. Se realizaron 9 actividades coordinadas nas que participaron 108 persoas. 5 foron actividades de restauración ecolóxica na ZEC Gándaras de Budiño e Ribeiras do río Louro e áreas naturais na zona de influencia (concellos Salceda de Caselas, O Porriño e Tui) co apoio do programa VozNatura e a participación das organizacións CMVMC e AAVV de San Xurxo e a CMVMC de San Estevo de Budiño.

A SGHN participa no Comité Ambiental do Green Campus Pontevedra, e estivemos na súa reunión de coordinación do 28/10/2020. O programa “Green Campus” ten como obxectivo mellorar cuestión medioambientais no campus universitario, e realiza iniciativas de aforro enerxético, uso sostible da auga, reciclaxe, economía circular, redución da pegada de carbono. Este ano a SGHN propuxo a realización de boas prácticas de xardiñeiría con desbroces sostibles na área do Campus. Trátase de deixar microreservas con plantas con flor, co obxectivo de crear hábitats estables para insectos polinizadores e outros invertebrados, o que tamén redundará na cadea trófica posibilitando a conservación de aves e especies insectívoras.

C. DIVULGACIÓN

IV Xornadas Galegas de Patrimonio Natural e Biodiversidade. O Sábado 28 de novembro de 2020 celebramos as IV Xornadas Galegas de Patrimonio Natural e Biodiversidade. As Xornadas de carácter anual organizadas pola SGHN este ano foron por videoconferencia debido á situación da pandemia COVID19. O programa foi moi completo, precisamente nun momento histórico no que o estudo e conservación da natureza tórnase chave para a

vida no planeta. Foron sete conferencias nas que expertos sobre as diferentes temáticas achegaron o coñecemento científico a tódolos participantes. As Xornadas son gratuítas e se inscribiron 130 persoas que puideron atender as ponencias dende o seu dispositivo electrónico. As ponencias se poden ver na nosa canle de Youtube https://www.youtube.com/channel/UC3AO0i6NAy_-g9AdDNqxL_Q

Unha actividade moi importante de divulgación é a que veñen realizando diversos socios/as coordinados polas Seccións coa publicación das "Fichas identificativas" e as "Galerías de imaxes" na web da SGHN. Actualmente se poden consultar na web as Fichas de Liques, Flora exótica invasora, entomoloxía, herpetoloxía e ornitoloxía que son ampliadas de forma periódica polos autores.

Se resalta que a actividade en Redes Sociais está funcionando moi ben para difundir e informar das actividades da SGHN e da actualidade medioambiental en Galicia. A SGHN mantén funcionando Facebook, Twitter, Instagram, YouTube, que son xestionadas por socios da Delegación de Pontevedra. As redes sociais funcionan de maneira coordinada para divulgación da actividade da SGHN.

D. DEFENSA

Se realizaron diversas accións de defensa ambiental:

- a) Denuncia destrución parcial de colonia de cirrío pálido *Apus pallidus* en Cambados (09/2020): se conseguiu parar e modificar a obra do edificio, evitando a destrución da metade dos ovos de anidamento. Álvaro Rodríguez indica que houbo reocupación de niños en 2021, estimando que actualmente hai 12 niños ocupados.
- b) Alegacións a canteiras en O Porriño por afección a Rede Natura 2000. Trátase de unha problemática que afecta á ZEC Gándaras de Budiño. As alegacións os proxectos de explotación e restauración veñen conseguindo algunhas modificacións beneficiosas, pero se trata de un problema recorrente na comarca da Louriña.
- c) Alegacións ó proxecto de Autovía AG 59 que une Santiago con A Estrada, polo súa afección a hábitats de bosque autóctono que se verán moi impactados polas obras.
- d) Se ven realizando o seguemento da problemática ambiental da empresa ENCE, tanto respecto a planta productora de celulosa da ría de Pontevedra como dos impactos forestais do modelo de cultivo de eucalipto. Se pendurou un documento de posicionamento na web da SGHN.
- e) En relación ós cambios legais do lobo ibérico, a Delegación apoia a opinión da SGHN que concorda coa decisión científica de deixar a xestión cinexética e tornar unha xestión de conservación a través da saída da especie do listado cinexético e a inclusión da especie no LESPRES (Listado de Especies Silvestres en Régimen de Protección Especial). A SGHN pendurou un documento de posicionamento na web e se presentaron alegacións o proxecto de inclusión da especie no LESPRES, apoiando a saída da listaxe de especies cinexéticas, e solicitando a protección estricte do lobo en Galicia. Ademais a SGHN apoiou o comunicado da Plataforma para la Defensa de la Cordillera Cantábrica (PDCC) de 46 entidades reclamando unha oportunidade para a conservación do lobo en España.
- f) SGHN ten presentado informes/alegacións a 176 parques eólicos por toda Galicia, 38 deles na provincia de Pontevedra. No ano 2019 se publicaron unha media de menos dun proxecto de parque eólico por mes (total 10). En 2020 o promedio foi case de 1 parque eólico por semana (total 47). Se realizan alegacións a tódolos proxectos en Pontevedra e en Galicia, centralizadas por Presidencia na Xeral.

Todo apunta a que estamos nunha burbulla especulativa, alentada polas primas eólicas e as "simplificacións" da Xunta nas tramitacións ambientais. Por isto, a SGHN pediu unha moratoria e unha tramitación rigorosa e ambientalmente esixente a estes proxectos

Recentemente, se instalou unha antena de medición no futuro Parque eólico da Groba. Presentouse escrito de denuncia dende a Delegación. Trátase dun Parque eólico informado en 2007 e aprobado no 2012. Se presentaron alegacións daquela.

- g) Durante a desescalada da pandemia do COVID-19 se realizou unha solicitude á Delegación do Goberno e a Xunta de Galicia, para dispor de un certificado que recoñecese determinados traballos de estudo científico e conservación da natureza de SGHN coma "actividade esencial". Nomeadamente os seguimentos de especies que pola súa fenoloxía hai que censar ou mostrexar en primavera. Non se recibiu contestación a dúas solicitudes durante fases distintas da desescalada.

MUSEO DE HISTORIA NATURAL

ACTIVIDADES Ó PÚBLICO

- Charla “Convivindo con osos en Galicia” de Fernando de Ballesteros Bienzobas. Presentación por Augusto de Castro Lorenzo. Salón de actos SGHN (20-02-2020). Asistentes 52.
- Charla do Prof. Dr. D. Benjamín Vallejo no salón de actos da Facultade de Humanidades, no Campus de Esteiro (Ferrol) da UDC (09-03-2020). Asistentes 39.
- Charla sobre monitorización de morcegos “Achégate aos morcegos” de Francisco Conde González da asociación Drosera. 6 participantes (19-09-2020)

ACTIVIDADES CON REPRESENTACIÓN DO MUSEO DA SGHN

- Visita oficial dos escritores Eduardo Fra Molinero e Valentín Carrera ao Museo, atendidos polo Delegado de Ferrol (24-01-2020)
 - Visita do promotor Jul, de Gohu, para ver de instalar a App, atendido por o Delegado de Ferrol e por Pablo Torrella (30-01-2020)
 - Coordinación mostra de pintura Amazonía (13-02-2020)
 - Comeza exposición Amazonía Fernando Bores, suspendida pola pandemia de COVID-19 (21-02-2020)
 - Recepción na estación de tren da delegación Filipina dirixida polo Dr. Valentín Vallejo (Filipinas) polo Delegado, Carlos Brezmes e Pablo Torrella. Unha colaboración da UDC e a SGHN (08-03-2020)
 - Visita oficial da Delegación Filipina ao MHNH para revisar as cunchas de Filipinas da Colección Claudio Montero y Gay (09-03-2020)
 - Estancia Delegación Filipina (10-03-2020)
 - Despedida da Delegación filipina do Dr. Valentín Vallejo polo Delegado, Carlos Brezmes e Pablo Torrella; UDC-SGHN (11-03-2020)
 - Xuntanza do Delegado de Ferrol con Dr. Fenollós (UDC) no Museo, para tratar sobre as prácticas dunha alumna de Mestría de Museo Arquivos e Bibliotecas (05-06-2020).
 - Mesa redonda de presentación saídas Equiocio no Torrente Ballester co Concello de Ferrol, coa participación do Delegado de Ferrol (06-07-2020)
 - Xuntanza do Delegado de Ferrol coa estudante que fará prácticas no Museo en setembro e que virá os mércores e venres de agosto a traballar na súa TFM (05-08-2020)
 - Reunión do Delegado de Ferrol no Concello de Ferrol coa Concelleira de Servizos, Obras, Medio Ambiente e a Xefa de Servizo para tratar do Convenio do MHNH de 2021 (11-08-2020)
 - Reunión do Delegado de Ferrol con Natalia, da asociación Buxainas no Parque de Caranza, sobre os seus posibles usos didácticos (17-08-2020)
 - Reunión do Delegado de Ferrol con Fran Sequeiro da asociación Xeración (25-08-2020) - O Delegado de Ferrol atende a dúas persoas da empresa Kendra que veñen para gravar e tomar datos a efectos do traballo de Scape room dentro do Proxecto Pasaporte REMA (16-10-2020)
 - O Delegado de Ferrol asiste en Exponav á presentación da revista do Club de Prensa, que inclúe un artigo sobre o MHNH (26-12-2020).
 - Traballos de voluntariado de mantemento do xardín.
 - Traballos de voluntariado de acondicionamento do soto habilitando espazos de arquivo bibliográfico e documental
- ### **ASISTENCIA A ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN**
- O Delegado de Ferrol asiste á xuntanza anual REMA (Rede de Museos do Mar) por videoconferencia (29-09-2020)
 - O Delegado de Ferrol asiste á 2ª Xuntanza REMA por videoconferencia co fin de coordinar as actividades nas que participan os integrantes da Rede REMA (30-10-2020)
 - Xuntanza por videoconferencia sobre axudas europeas destinadas a temas ambientais (entidades naturalistas e ecoloxistas galegas) con asistencia do Delegado de Ferrol e do Presidente da SGHN (07-11-2020)
 - Xuntanza REMA do Museo de Historia Natural (27-11-2020)

ESCRITOS PRESENTADOS

- Información ao Concello de Ferrol de danos varios no Museo e urxencia de arranxalos. (14-01-2020).
- Formulario para regularización da prima do seguro de R.C. (21-01-2020)
- Enviada á Embaixador de Filipinas en Manila unha solicitude / invitación a equipo científico filipino para impartir conferencia. (29-01-2020).
- Enviada a Bernardino Bugallo Paz acta de entrega da súa doazón de cunchas. (30-01-2020)
- Solicitude á Concellería de MA de Convenio de Museo entre SGHN e Concello de Ferrol para o ano 2020 (25-02-2020)
- Solicitude á Concellería de MA de inclusión do mantemento do ascensor no Convenio de Museo 2020. Queixas de usuarios pola carencia. (25-02-2020).
- Información ao Concello de Ferrol (Concellería de MA e Alcaldía) sobre apertura do Museo, en fase de adecuación COVID-19 (16-05-2020)
- Enviada ao Xefe de Biodiversidade, Distrito 1 información de recollida de lontra atopada en Marmadeiro (Ferrol) e solicitude de inclusión no Museo (14-07-2020)

- Entregada a Eliseo Zaera Ríos acta de entrega da súa doazón de cunchas (25-09-2020)
- Entregada a Luis Pablo Torrella acta de entrega da súa doazón de xogo didáctico sobre residuos (08-10-2020)
- Entregada a Alba Martínez Meizoso acta de entrega da súa doazón de queixadas de quenlla (19-10-2020)
- Entregada á Concellería de MA a xustificación do Convenio do Museo (09-12-2020).
- Comunicación a Generali Seguros importe base cálculo seguro RC 2021 (22-12-2020).

MEDIOS DE COMUNICACIÓN (16)

- RADIO:

- Radio Voz (4):
- Reapertura do Museo da SGHN (01-06-2020)
- Reapertura do Museo da SGHN (08-06-2020)
- Museo da SGHN (15-07-2020)
- Museo da SGHN para o programa "Viaje con nosotros" (09-09-2020)
- Cadena SER (2):
- Museo de Historia Natural da SGHN (14-07-2020)
- Píllara das dunas Charadrius alexandrinus e situación do MHN (19-11-2020)

- XORNAIS:

- Diario de Ferrol (2):
- Reapertura do Museo de Historia Natural (02-06-2020)
- Os museos da comarca recuperan pouco a pouco a actividade (05-06-2020)
- La Voz de Galicia (4):
- Estrea do ascensor no Museo de Historia Natural (24-06-2020)
- O Museo da Sociedade Galega de Historia Natural (16-07-2020)
- Museo da SGHN (17-07-2020)
- Visitas guiadas ao Museo da SGHN (08-09-2020)
- Ciencia y Observer (1): Historia do Museo da Sociedade Galega de Historia Natural (11-07-2020)
- Nós Diario (1): O funcionamento do Museo da SGHN (16-07-2020)
- Ferrol Análisis (2) (26-12-2020):
- Artigo "O Museo de Historia Natural de Ferrol. Un exemplo de Ciencia Cidadá" escrito polo Delegado de Ferrol e publicado na revista Ferrol Análisis nº 32 dentro do apartado "Patrimonio de Ferrol: Museos"
- Artigo "¿Para qué sirven los museos hoy?" escrito por Juan Luis Montero Fenollós no que se nombra ao MHNF e publicado na Revista Ferrol Análisis nº 32 dentro do apartado "Patrimonio de Ferrol: Museos"

COMUNICADOS DE PRENSA (3):

- Reapertura ao público do Museo de Historia Natural da SGHN o 1 de xuño (27-05-2020)
- Enviado a medios cartel ofertando os servizos do Museo ((18-07-2020)
- Visitas guiadas ao Museo de Historia Natural da SGHN (04-09-2020)

FORMACIÓN EN COLABORACIÓN CON OUTRAS INSTITUCIÓNS OU CENTROS DE FORMACIÓN (PRÁCTICAS NO MHN) E ATENCIÓN A PETICIÓNS DE INFORMACIÓN DE ALUMNADO PARA ELABORACIÓN DE TRABALLOS RELACIONADOS CON MUSEOS:

- Prácticas de alumna da UDC de Mestría de Museos, arquivos e bibliotecas da UDC.
- Prácticas dunha alumna de Turismo do London Institute.
- Alumna de Mestría de Museos da UDC acude varios días ao MHN para recopilar información para un traballo sobre legalización de museos.
- Enviada información por correo electrónico sobre visitas e tipo de visitantes do Museo de Historia Natural en resposta á solicitude dunha estudante de xestión cultural na Universidad Oberta de Cataluña para un traballo sobre museos (24-12-2020).
- Alumna de grao en Turismo da UDC (e informadora Turística da Sociedade Mixta de Turismo de Ferrol), entrevista a Pablo Torrella sobre situación do Museo para un traballo do grao de Turismo (29-12-2020).

RECOLLIDA DE FAUNA:

- RECOLLIDA DE FAUNA VIVA (7):

1. Recollida de inmaturo de gaivota patiamarela e entrega a Locus Avis (07-02-2020)
2. Recollida de parrulo de lavanco (A Frouxeira) e entrega ao CRFS Oleiros (23-06-2020)
3. Particular trae gaivota (subadulto) atopada na Avda. Do Rei (27-07-2020)
4. O Delegado de Ferrol recolle e entrega Bufo pequeno Asio otus (ferido nun á) a axente de medio ambiente, para levar ao CRFS de Oleiros (01-09-2020)
5. Un policía portuario trouxo unha avoiteira cincenta Caprimulgus europaeus cunha ferida nunha á que atopou en Prioriño. Entregada ao CRFS Oleiros. (01-09-2020).
6. Uns veciños de Ferrol trouxeron unha rula turca Streptopelia decaocto ferida. Avisado o CRFS de Oleiros e viñeron a busca. (04-09-2020)
7. Veciños de Ferrol entregan xuvenil de gaivota Larus michahellis atopada en Esmelle con anzós na boca e pata (que imitaban falsos peixes). Entregada ao CRFS de Oleiros (13-11-2020)

RECOLLIDA DE FAUNA MORTA (3):

1. Entregan un xuvenil de víbora de Seoane atopada morta o 29-05-20 en Covas (06-05-2020)
2. Entregan un azor atropelado (06-10-2020)

3. Recollida de marta/garduña? atropelada o 18/10/2020 en estrada de Pantín (19-10-2020)

CONSULTAS

- Consulta dun particular sobre restos de cetáceo (golfinho) nunha praia de Asturias - Consulta sobre lagarto capturado por gato en Perbes
- Consulta sobre marta viva atopada en piscina baleira en Penencia
- Petición de información sobre observatorio de aves de Doniños, por parte dun axente de M.A. do Distr. 1 (26-05-2020 e 02-06-2020)
- Socio solicita información sobre microscopio e material óptico de laboratorio presente no Museo
- Solicitud de n.º de visitas no Museo para alumna de Mestría de museos
- Consulta dunha particular, sobre presenza de abellas zapadoras no seu xardín.
- Consulta presencial dun particular para facer prácticas no museo de Educación Ambiental.
- Consulta telefónica dun particular que atopou dous Martiños peixeiros vivos que chocaron cunha cristaleira.
- Consulta por unha bolboreta que entrou nunha casa
- Consulta dunha particular por uns "bichos" pequenos que apareceron nun baño da súa casa e trouxo uns exemplares para identificalos, eran psocópteros.
- Consulta sobre as tartarugas de Florida.
- Consulta duns particulares sobre uns bichos que lles apareceron na cociña da casa (couza)
- Consulta telefónica dun particular que colleu na rúa un pardal pequeno porque os coches o podían atropelar, facilitámoslle os teléfonos do CRFS de Oleiros
- Dous visitantes do Museo preguntaron por un óso que atoparon na praia. Era unha vértebra, probablemente de cetáceo.
- Un socio trouxo un á dun ave para que o Delegado de Ferrol a identifique.
- Resolvemos dúbida de socio ao respecto de Vipera seoanei en Serantes. Ten dúbida se é seoanei ou fuciñuda.
- Consulta dunha particular, ao respecto de polo de ave no seu xardín
- Tras chamada de particular, comunico ao 092 presenza de raposo morto nas Pías á altura de Caranza en sentido Ferrol-Fene
- Consulta do SEPRONA ao respecto de poboación de T. marmoratus no concello de Teo (A Coruña). Comunicación da consulta á Sección de Herpetoloxía
- Consulta sobre a presenza dunha Natrix nun domicilio en Santa Cecilia (cobra de auga, morta xa) e información á sección de herpetoloxía sobre a consulta da Natrix (para o atlas)
- Consulta de socio sobre as árbores de Ferrol (1 h)
- Consulta telefónica dun particular sobre un paíño que encontrou ferido, déronse os teléfonos do CRFS de Oleiros
- O 23/03/2020 o Delegado desprazouse ao museo para reunir e entregar a Protección Civil unha cantidade de equipos de protección persoal (EPI) e botellas de alcohol de 90º para afrontar a pandemia, quedando rexistrado nun recibín o total da achega.

SECCIÓN ANTELA**ACTIVIDADES Ó PÚBLICO**

1. Día das zonas húmidas e IX aniversario da creación da Sección Antela (01-02-2020) con participación de 27 persoas. Dentro desta actividade inclúese a primeira acción do programa de apadriñamentos Libera natureza sin residuos 2020 no canto de dar visibilidade ao problema na Limia.
2. "Na procura do abellaruco" deseñada en específico para afeccionados ás aves 11/07/20 con asistencia de 19 persoas por mor das limitacións da Covid.
3. "Na procura do abellaruco" de contido xeneralista celebrada o 18/07/20, con asistencia de 18 persoas grupo axustado as restricións sanitarias vixentes.
4. Roteiro dentro das actividades de #SonÁrbore, "árbores en zonas verdes" (15/07/2020) con asistencia de 10 persoas segundo as limitacións da Covid.
5. "Outra Limia é posible", charla incluída nas das IV Xornadas Galegas de Patrimonio Natural e Biodiversidade (SGHN-Pontevedra)

ESCRITOS PRESENTADOS (1)

- 1.- Informe "Renaturalización de meandros no río Faramontaos", presentado á Confederación Hidrográfica Miño Sil, como parte das xestións desenvolvidas para firmar un acordo de colaboración sobre tres predios alugados pola SGHN ao Banco de Terras de Galicia.

XESTIÓNS VARIAS (3)

1. Firma de acordos de custodia compartida con tres agricultores sobre tres predios alugados ao Banco de Tierras de Galicia.
2. Preparatorio da participación no proxecto LifeGlobal con varias reunións.
3. Participación na solicitude de recuperar tres grandes humedais en España presentada colectivamente perante ao Miteco

OUTROS TRABALLOS DESENVOLVIDOS (4)

1. Xestión de vexetación mediante medios mecánicos con tractor no Humedal Antonio Villarino para control de rexeneración de mato e silveriras e establecemento de pasteiro.
2. Seguemento da evolución de predios alugados (85) con elaboración de informes anuais. Á vista do estado xeral da vexetación decidiuse o desbroce en dous destes predios alugados (32078A502003420000FD e 32078A502005800000FW). En ambos casos hai presenza de especies de hábitat 4020, cada vez máis escasas; nun caso por afección periódica e moi intensa dos lumes forestais nesta área e noutro polo desougamento e a evolución da vexetación con colonización de matogueiras secas e arboredo. Previo o desbroce mecanizado identificáronse e sinaláronse as zonas a protexer do desbroce total, nestas o tratamento da vexetación consistiu na redución da altura con eliminación do tercio superior. Estaba previsto a retirada manual dos restos da corta sobre estas zonas pero houbo de desbotarse o traballo polas as limitacións pola Covid (sen contabilizar o tempo de preparación) : 31,5 h.
3. Apadriñamentos Libera, programa Libera natureza sin residuos 2020 con tres xornadas. Comprende a elaboración da solicitude e, unha vez aprobada, a súa execución conforme ao planificado. A primeira acción foi divulgativa con visita a diferentes puntos da comarca limiá para apreciar a extensión do problema dos residuos. As outras dúas accións previstas non poideron desenvolverse conforme ao planificado por mor da Covid e houbo que replanificar e solicitar autorización para modificar o plan aprobado, unha vez acadada a autorización e cumprindo coas restricións vixentes desenvolvéronse as dúas xornadas pendentes coa participación de 4 persoas e có apoio de medios mecánicos do seguinte xeito: días 21/11/20 e 28/11/20 preparación previa da zona de traballo recollendo a mán os entullos máis pequenos e espallados na zona de traballo para facilitar a entrada da maquinaria, preparación das montoneiras de lixo separando a vexetación que medraba sobre elas, agrupación de restos, carga, transporte e entrega a xestor autorizado. Tempo de traballo (non contabilizado o tempo de preparación): 60 h.
4. III fase do proxecto: "Recuperación de *Eryngium viviparum*, *Vanellus vanellus* e especies asociadas a humedais na ZEPA A Limiá mediante a restauración e mellora de hábitats potenciais" decembro 2020. Obra subvencionada pola Xunta de Galicia dentro das axudas PDR 2020/2021 a concellos en Rede Natura. A obra contempla traballos manuais e con maquinaria pesada para retirada de residuos, adecuación de zonas asolagables, remodelacións puntuais, carga e entrega de residuos e entullos a xestor autorizado. Para estes traballos elabórese o proxecto de actuación e solicitáronse os orzamentos correspondentes para a execución das obras por importe de 12.000; mentres financiouse con medios propios o IVE así como a dirección de obra coa colaboración puntual doutras persoas en varios momentos durante o progreso das obras para a separación selectiva de residuos e recollida de pequenos restos espallados. Tempo de traballo (non contabilizado o tempo de preparación) : 160 h.

OUTROS

- seguemento da evolución de predios alugados ao Bantegal e informes anuais (85),
- desbroces en parcelas: Humedal Antonio Villarino e dúas parcelas alugadas (3),
- proxectos restauración. Seo/ Ecoembes Libera Natureza sin residuos e Xunta Galicia restauración Gomareite (2) .

SECCIÓN DE ASTRONOMÍA E CONTAMINACIÓN LUMÍNICA

ENTREVISTAS COS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

- 20/01/2020 Radio Voz. Entrevista Alicerces de Luz.
- 28/05/2020 La Voz de Galicia. Entrevista sobre fotografía nocturna.
- 20/07/2020 Radio Voz. Entrevista sobre fotografía astronómica en Muras.
- 10/08/2020 Diario de Ferrol. Entrevista sobre Perseidas.
- 12/08/2020 COPE. Entrevista sobre Perseidas.
- 12/08/2020 Cadena Ser . Entrevista sobre Perseidas.
- 03/09/2020 La Voz de Galicia. Premios otorgados en Céos Galegos.
- 04/09/2020 Progreso de Lugo. Premios otorgados en Céos Galegos.
- 04/09/2020 TerrachaXa. Premios otorgados en Céos Galegos. Astronomía en Muras.
- 10/10/2020 COPE. Entrevista foto astronómica.

CONFERENCIAS E CHARLAS EN CENTROS EDUCATIVOS

- 22/01/2020 IES As Telleiras 22 alumnos de 4º de ESO "Unha Viaxe Espacial".
- 05/2/2020 Colexio Cia de Maria 45 alumnos de 1º da ESO "Iniciación á Astronomía".
- 14/03/2020 Colexio Salesianos Divina Pastora de Lugo, 180 alumnos de ESO "Unha Viaxe Espacial".

ACTIVIDADES

19/01/2020 Recollida no náutico de Castrelo de Miño dos premios de fotografía "CEOS GALEGOS" obtidos polos nosos compañeiros da Sección de Astronomía:

Marcos López Alonso

- 1º Premio do público categoría didáctica.
- 1º Premio do público categoría "Telescopio" (Cometa Neovise).
- 1º Premio do Xurado categoría "Creativa/Didáctica" (Cometa Neovise).
- 1º Premio do público categoría "Con Telescopio" (Messier 33 a Galaxia do Triángulo)
- 2º Premio do público categoría "Con Telescopio" (NGC7000 a Nebulosa de Norteamérica)
- 2º Premio do público categoría "Xente e Céo" (Unha noite de verán)



2º Premio do Xurado categoría “Con Telescopio” (NGC7000 a Nebulosa de Norteamérica)

3º Premio do Xurado categoría “Telescopio” (Cometa Neovise).

3º Premio do público categoría “Meteofoto” (Raio sobre o Xistral).

Sete Vázquez Gentil

1º Premio do público categoría “Meteofoto” (Tardes de fuego)

PUBLICACIONES

Calendario Divulgativo 2020 de Céos Galegos con fotos dos nosos compañeiros Marcos Lopez Alonso e Nicolas Sixto.

Seguimos publicando en Diario de Ferrol unha páxina mensual adicada á Astronomía, coas Efemérides Astronómicas de cada mes e comentarios sobre os obxectos de ceo profundo fotografados por membros e colaboradores da Sección de Astronomía da SGHN.

SECCIÓN BOTÁNICA

Informe de Situación

A sección mantivo o mesmo enfoque que en anos anteriores, orientado á compilación de rexistros de campo de diversas especies de flora autóctona e exótica invasora.

Continuación coa divulgación e realización do atlas de Flora Exótica Invasora e as fichas informativas.

DIVULGACIÓN

Realizáronse 2 fichas de flora exótica invasora, co que a final de 2020 xe temos 52 fichas. Estas remítense aos colaboradores da sección, aos socios e publicanse na web cara a súa maior divulgación.

Grazas á colaboradora da sección e socia M^a Eugenia López de Silanes, iniciouse a publicación das Fichas de Liques de Galicia, publicándose na web e nas Redes Sociais 12 en todo o ano, unha cada mes.

ORGANIZACIÓN/XESTIÓN

Colaborouse na redacción de escritos para a proposta de inclusión do taxón *Corema album* e as súas poboacións no Catálogo Galego de Especies Ameazadas na Categoría Vulnerable.

Colaborouse coa Delegación de Pontevedra na organización das IV Xornadas Galegas de Patrimonio Natural e Biodiversidade.

Tamén se atenden as persoas que fan consultas botánicas, tanto vía correo electrónico como whatsapp.



Fritillaria pyrenaica

SECCIÓN ENTOMOLOXÍA

Informe de Situación

A situación da pandemia do SARS-COV-2 limitou a compilación de rexistros de campo, que foi bastante máis escaso que nos anos precedentes.

Paralelamente deuse un gran impulso á unificación dos diversos datos recibidos, estandarizando a información e a presentación do mesma.

INVESTIGACIÓN


Participación no BMS (Butterfly Monitoring Scheme) nas localidades de Xunqueira de Alba (Pontevedra), Sálvora (Santa Uxía de Ribeira) e Barxas-Quintíans (Vigo).

Mostraxes en diversas áreas da xeografía galega para incorporar ó inventario e cartografiado dos insectos.

DIVULGACIÓN

Atendéronse diversas consultas (7) sobre identificación de artrópodos e coñecemento dos mesmos. Publicouse a distribución coñecida da familia Ascalaphidae (Neuroptera) para Galicia, ampliando a distribución e o número de especies coñecidas para Galicia.

Publicación de dúas novas fichas de bolboretas: Nymphalidae IV e V, de libre e gratuíta descarga na web da



Número de especies de insectos por cuadrícula UTM

SGHN.

OUTROS

Na liña de manter as autorizacións legais preceptivas, elaboráronse e presentáronse os informes de capturas de insectos de 2019 e solicitáronse os permisos para 2020, que foron obtidos.

Actualización na páxina web da SGHN dos arquivos e explicacións sobre os arquivos de xestión de datos e enlaces a software libre de apoio.

SECCIÓN HERPETOLOXÍA

Xestión dos permisos para a captura e posterior de anfibios e réptiles, diante a Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

Cumprimento do intercambio de datos coa Asociación Herpetológica Española (AHE) segundo o convenio asinado entre ambas entidades para o intercambio de datos.

Este ano, debido ás restricións de mobilidade a causa da pandemia producida polo coronavirus, non foi posible realizar as prospeccións para o SARE correspondente ao ano 2020.

O día 21 de decembro solicitáronse os permisos de captura de anfibios e réptiles á Dirección Xeral de Conservación da Natureza para o ano 2021. Igualmente, ese mesmo día, enviáronse os datos correspondentes ao ano 2020 á Asociación Herpetológica Española (AHE) segundo o convenio asinado entre ambas entidades para o intercambio de datos.

Durante todo o ano realizáronse diversas saídas por toda Galicia cara a obtención de datos para o Atlas de Anfibios e Réptiles de Galicia, especialmente centradas nas cuadrículas peor prospectadas nos anteriores anos e tamén nalgunhas especies de distribución máis restrinxida, aínda que, debido ás restricións de mobilidade, realmente puideron facerse moi poucas saídas.



Atlas dos anfibios e réptiles de Galicia

	Anfibios	Réptiles	Totais
Datos ano 2020	1.385	940	2.325
Datos acumulados 2005/2020	17.212	11.382	28.594

Nº total de colaboradores: 599

SECCIÓN ORNITOLOXÍA

Censos de aves acuáticas e mariñas invernantes.

Coordinación e organización dos Censos de aves acuáticas e mariñas invernantes, en colaboración con todas as delegacións.

Colaboración e apoio do Censo de Cegoña común nidificante nas provincias de Ourense e Pontevedra.

Actividades de divulgación e información a socios e público en xeral a través de Correo electrónico ornitologia@sghn.

Participación nas redes sociais da SGHN



Información e contacto coa Administración Autonómica e Local para evitar a destrución dunha colonia de *Apus pallidus* en Cambados no mes de setembro 2020

RESUMO DOS GASTOS EN INGRESOS 2020

As cotas sociais representan o 20% dos ingresos, unha cifra moi baixa e que deberíamos incrementar para garantir unha continuidade das actividades e depender menos de factores externos. Por iso asociarse é tan importante, a parte do respaldo social, leva consigo o compromiso económico e axúdanos na independencia da SGHN. A cifra máis alta en importe de subvencións ven motivada polo convenio SGHN-Concello de Ferrol que permite ter aberto o Museo nesta cidade e pagar os salarios dos dous empregados que ten SGHN e adicados exclusivamente a esta actividade. Este ano 2020 foi especialmente alto debido a que se ingresou no mesmo ano o pendente de 2019 (16.702,57 €) e o importe de 2020. O convenio está asinado por 32.000 €.

Un punto forte de ingresos son as doazóns, que veñen por dous camiños: unha das madriñas e padriños das terras en custodia na antiga lagoa de Antela e as doazóns de socios e non socios, que sempre son moi agradecidas.

Gastos

O 48% son os salarios dos empregados para dar servizo ó museo. Case 1.000 € adicáronse a pagar os interese do crédito con Abanca, de 15.000 €. En Servizos (24%) incluímos os gastos de xestión, aluguer de servizos de internet (aloxamento web, correos electrónico, dominios), etc.

As Delegacións de Ourense, Pontevedra, a Xeral e varias Seccións funcionan exclusivamente cos cartos das cotas, donativos ou a venda dalgún material.

Este ano 2020 foi moi precario, pois se descontamos o ingreso pendente de 2019 polo convenio do Museo, houbéramos gastado máis do ingresado. Optouse por non publicar o Paspallás e decidimos pasalo a formato electrónico para os seguintes números, agás unha pequena tirada por motivos de rexistro legal e que os interesados en dispor del en papel o paguen a parte da cota, non hai outra vía para o manter.


Os gastos bancarios

Unha parte moi importante dos gastos bancarios veñen dos intereses do crédito subscrito con Abanca para facer fronte ós pagos de salarios, xestión, etc. orixinados vía convenio SGHN-Concello de Ferrol. Mentras non se fan firmes os pagos do convenio debemos atender as obrigas de pagos mensuais que temos e só podemos afrontalas vía un crédito.

O reparto das cotas entre delegacións e seccións

As delegacións reciben o 33,3% das cotas dos socios que pertencen á Delegación.


Cada Sección e Museo recibe 120 € anuais, pero algunhas optaron por potenciar a xestión e buscar os cartos fóra das cotas sociais e renunciaron a esta cantidade. Pode semellar pouco, pero a Tesourería Xeral asume os custes e xestión dos recibos sociais, publicacións e envíos ós socios, seguro de responsabilidade civil. Tamén actúa como peto de seguridade por se algunha delegación ou sección ten problemas puntuais de liquidez.



Ingresos 2020

cotas	15.955,00
Doazóns	6.139,44
Subvencions, convenios	56.630,15
Venda material, actividades	2.842,75
Saldo sen o importe Convenio 2019	64.864,77

Orixe ingresos 2020



Gastos 2020

Administración	2.798,86
Biblioteca	931,30
gastos bancarios	1.199,51
Arrendamentos e cánones	5.225,34
Servizos (xestión, web, contratas...)	15.389,19
Xestión actividades e seguros	2.228,36
Suministros varios	1.932,89
Impostos	3.442,69
Soldos e salarios	31.056,40
Outros	1.045,43
Saldo	65.249,97